

Concello de Monforte de Lemos

ACTA

Expediente nº	Órgano Colegiado
PLN/2025/5	O Pleno
DATOS DE CELEBRACIÓN DE LA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Fecha:

27 de maio de 2025

Duración:

Desde las 20:00 hasta las 22:31

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

JOSÉ TOMÉ ROCA

Secretario:

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO

ASISTENCIA Á SESIÓN

	Nome e Apelidos	Asiste
	JOSÉ TOMÉ ROCA	SÍ
	IBÁN TORRES RODRIGUEZ	SÍ
	GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ	NON
	JOSE LUIS LOSADA FERNÁNDEZ	SÍ
	MARIA PILAR ESPINOSA NOVELLE	SÍ
	MARINA MARIA DOUTON RAJO	SÍ
	JOSE MANUEL MOUGAN SOBREDO	SÍ
	REGINA LÓPEZ ARIAS	SÍ
	GUILLERMO DIAZ AIRA	SÍ
	MARGARITA LÓPEZ RODRÍGUEZ	SÍ



Concello de Monforte de Lemos

	KATHERINE VARELA FERNÁNDEZ	SÍ
	JOSE LUIS RODRÍGUEZ VARELA	SÍ
	MARIA LUISA VAZQUEZ LOPEZ	NON
	EMILIO IVAN VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	SÍ
	EMILIO JOSÉ SANCHEZ IGLESIAS	SÍ
	MANUEL LUACES FERNÁNDEZ	SÍ
	JAIME GERMAN VAZQUEZ PEREZ	SÍ
	ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ:
«POR MOTIVOS DE SAÚDE»
2. María Luisa Vázquez López:
«POR MOTIVOS PERSOAIS»

Una vez verificada por el Secretario la válida constitución del órgano, el Presidente abre sesión, procediendo a la deliberación sobre los asuntos incluidos en el Orden del Día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 30 DE ABRIL DO 2025 .	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Apróbase por unanimidade a acta do pleno de 30 de abril do 2025.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/er5OK2ylzPotyiXEGtlvULdM2Wu2w9RBpO1ygzynZsXn7Ha2>

Expediente 3714/2025. Proposta de Gasto. EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3714/2025	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Asunto: Recoñecemento extraxudicial de crédito no 2025 de obrigas indebidamente adquiridas no 2024. Expdte: 3714/2025, relación de facturas 66/2024.



Concello de Monforte de Lemos

Logo de ver informe de intervención relativo a relación de facturas 66/2024, conformadas ou informados favorablemente, sen consignación orzamentaria no ano de orixe, constan na conta 413 “Acredores por operacións devengadas”, son gastos menores e unha é do servizo do guindastre municipal do mes de decembro, contrato xa extinguido, consta memoria xustificativa do gasto e tratase de imputalas ao orzamento do exercicio 2025, e dando por resolto os reparos suspensivos a fin de que se recoñeza e pague a cantidade facturada.

As facturas son as seguintes:

Nº Factura	Provedor	Importe	I.V.E.	Líquido	Aplic. Orzament.		Concepto/Expdte:
Aplic.	Factura						
C24-0012	B26507830 - DESGRU MONFORTE SL	2.311,50	485,42	2.796,92	133	22706	S/FRA. NÚM: C24-0012 FECHA: 31/12/2024 SERVICIO REALIZADO POLA GRUA MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2024
A/24 1395	B27160134 - PINTURAS ANGEL VAZQUEZ SL	312,40	65,60	378,00	342	21000	S/FRA. NÚM: A/24 1395 FECHA: 30/12/2024 PINTURA BLANCA PARA CAMMPO DE FUTBOL
A24/139 3	B27160134 - PINTURAS ANGEL VAZQUEZ SL	563,14	118,26	681,40	342	21000	S/FRA. NÚM: A24/1393 FECHA: 30/12/2024 PINTURA E MATERIAL DIVERSO PARA CAMPO DE FUTBOL
A24/ 1390	B27160134 - PINTURAS ANGEL VAZQUEZ SL	80,57	16,93	97,50	338	22699	S/FRA. NÚM: A24/ 1390 FECHA: 30/12/2024 PINTURA NEGRA PARA PALCO FESTAS NA PRAZA ESPAÑA



Concello de Monforte de Lemos

A 24/1389	B27160134 - PINTURAS ANGEL VAZQUEZ SL	213,06	44,74	257,80	133	21000	S/FRA. NÚM: A 24/1389 FECHA: 30/12/2024 PINTURA PARA SEÑALIZACIÓN DE CALLES
A24/138 8	B27160134 - PINTURAS ANGEL VAZQUEZ SL	267,52	56,18	323,70	1531	21000	S/FRA. NÚM: A24/1388 FECHA: 30/12/2024 MATERIAL PARA OBRAS, PLAZA DE ABASTOS
60	34255788W - VILA CHAOS ALFONSO	144,63	30,37	175,00	432	62700	S/FRA. NÚM: 60 FECHA: 30/12/2024 PLACA E CARTEIS CALIDADE TURISTICA
	IMPORTE TOTAL	3.892,82	817,50	4.710,32			

Do expediente se desprende:

- Que existe crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias do orzamento vixente, ás que se imputa o gasto.
- Que se encontra acreditada a realización do servizo/subministración e o importe do prezo aplicado e facturado.
- Que os prezos aplicados se axustan ao mercado.

Considerando que pola parte xestora do gasto se informa favorablemente o servizo/subministración derivado da prestación, os gastos e as facturas que contemplan aqueles.

Visto que pola Intervención se emitiu informe de reparo de legalidade que corresponde resolver ao Pleno segundo o artigo 217.2.a) e 15.2.a) do RD 424/2017, e sobre a procedencia do recoñecemento extraxudicial dos créditos.

Visto o disposto na Base disposición adicional de execución do orzamento, e tendo en conta



Concello de Monforte de Lemos

o informe do Tribunal de contas de 22/12/2020, de onde se deducen os requisitos e trámites procedimentais para a tramitación dun recoñecemento extraxudicial de crédito. Considerando que o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito seguiu a tramitación para a súa aprobación polo Pleno, órgano competente segundo o artigo 60.2 do RD 500/1990, e artigo 23.1.e) do TRRL.

Vista a proposta de resolución PR/2025/2706 de 14 de maio de 2025.

Resolución:

PRIMERO. – Dar por resolto o reparo suspensivo atendendo ao criterio do órgano de control e aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito (fases ADO) do expediente 3714/2025, relación de facturas 66/2024, polo importe de 4.710,32 euros.

SEGUNDO. – Ordenar o pago das indemnizacións polas obrigacións recoñecidas.

TERCERO. – Dar conta á Intervención e Tesourería, a fin de que se de cumprimento ao ordenado.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/GCgmD5BH4kCE3HLe9Cc8ppK2dJRiEZcf4vpaFMdWkR9epnQ0>

Expediente 1585/2025. Actuacións Urbanísticas. APROBACIÓN DEFINITIVA DOO ESTUDIO DE DETALLE EN VÍA TRANSVERSAL Á RÚA CHANTADA (RÚA ROBERTO MARTÍNEZ ANDRADE).

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Feitos e fundamentos de dereito:

ANTECEDENTES

1º.- O Pleno da Corporación, con data 24 de febreiro do 2025 prestou aprobación inicial ao Estudio de Detalle en vía transversal á rúa Chantada (rúa Roberto Martínez Andrade).

2º.- Foi notificado o acordo de aprobación inicial aos/ás titulares catastrais, concedéndolles trámite de audiencia, por prazo un mes, non tendose presentadas alegacións polos/as interesados/as.

3º.- No período de información pública, mediante publicación no BOP da provincia de Lugo e



Concello de Monforte de Lemos

en dous xornais, non se presentaron alegacións polos/as interesados/as.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, con data 14 de febreiro do 2025 emitiu informe do tenor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en adiante LSG, no seu artigo 79, regula os estudos de detalle e dispón que:

1. O desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

a) Completar ou reaxustar as alineacións e rasantes.

b) Ordenar os volúmenes edificables.

c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do planeamento.

2. Os estudos de detalle no poderán en caso algún:

a) Alterar o destino urbanístico do solo.

b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.

c) Reducir as superficies destinadas a viales, espazos libres ou dotacións públicas.

d) Prever a apertura de vías de uso público que no estén previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.

e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.

f) Parcelar o solo.

g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.

h) Establecer novos usos e ordenanzas.

SEGUNDO.- En relación co procedemento de formulación e aprobación dos estudos de detalle o artigo 80 da LSG, dispón que:

1. Os estudos de detalle poderán ser formulados polos Concellos, pola Administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

2. Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e



Concello de Monforte de Lemos

sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no «Diario Oficial de Galicia» e nun dos periódicos de maior difusión na provincia. Asimesmo, notificarase individualmente a todas as personas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal os aprobará definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes.

Os prazos para a súa aprobación definitiva serán os establecidos no artigo 76.

Artículo 76. Prazos para a aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento de iniciativa particular.

1. O prazo máximo para resolver sobre a aprobación inicial de plans de desenvolvemento de iniciativa particular será de tres meses, a contar a partir da súa presentación no rexistro xeral do Concello. Transcorrido este prazo sen que houbese recaído resolución expresa, entenderase outorgada a aprobación inicial do correspondente instrumento de planeamento.

2. O prazo para a aprobación definitiva polo Concello dos plans de desenvolvemento dos plans xerais será de seis meses, a contar dende a aprobación inicial. Transcorrido este prazo sen que se houbese procedido á notificación da resolución, poderá entenderse aprobado definitivamente o plan, sempre que se realizase o trámite de información pública e se obtiveran os informes preceptivos en sentido favorable, de conformidade coa lexislación aplicable, ou, no seu caso, fosen solicitados os informes e houberan transcorrido os prazos para emitilos.

3. Non se aplicará o silencio administrativo positivo cando os plans ou instrumentos contivesen determinacións contrarias á Lei, os plans de superior xerarquía ou os instrumentos de ordenación do territorio.

TERCEIRO.- En relación coa documentación que deben conter los estudios de detalle o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu art. 193, dispón que:

1. Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación.

Cando se modifique a disposición de volúmenes efectuarase un estudio comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudio de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do



Concello de Monforte de Lemos

artigo anterior deste regulamento.

b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o planeamento vixente.

c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican o reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfico dos volúmenes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e do seu entorno.

d) Calquera outro documento que poida contribuir á xustificación da proposta.

2. A documentación do estudio de detalle se formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

Existe informe da Arquitecta Municipal, desta data, na que pon de manifesto que a documentación presentada reúne os requisitos anteriormente expostos.

POLO ANTERIORMENTE EXPOSTO INFÓRMASE FAVORABLEMENTE O ESTUDIO DE DETALLE FORMULADO POLO CONCELLO PARA CORRIXIR ALIÑACIÓNS VIARIAS DEFINIDAS POR NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO PARA VÍA TRANSVERSAL A RÚA CHANTADA QUE, NA FRACCIÓN EN QUE SE ATOPA ABERTA, RECIBE O NOME DE ROBERTO MARTÍNEZ ANDRADE.

Es cuanto procede informar.”

A Arquitecta Municipal do Concello de Monforte de Lemos, con data 14 de febreiro do 2025, emite informe do tenor literal seguinte:

“En realidade o estudo de detalle pretende, en desenvolvemento das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes, reaxustar as aliñacións (artigo 79.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu artigo 192.1.a.2) di:

“1. En desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:



Concello de Monforte de Lemos

a) *Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes (artigo 79.1.a) da LSG).*

Os estudos de detalle cuxa finalidade sexa reaxustar ou completar as aliñacións e rasantes poderán comprender os seguintes contidos:

a.1) Establecemento das aliñacións e rasantes, cando non estean fixadas no plan ao cal completen, respecto dos viarios que naquel se prevexan.

A posibilidade de establecer aliñacións e rasantes a través de estudos de detalle limitarase ás vías da rede de comunicacións definidas no plan que aquel complementa

*a.2) **A adaptación ou reaxuste á realidade do terreo ou do viario, das aliñacións e rasantes xa fixadas polo plan.** Esta determinación de ningún xeito poderá supor unha alteración do dito plan, nin permitir a redución da anchura do espazo destinado a viarios ou das superficies destinadas a espazos libres, nin orixinar aumento de volume ao aplicar as normas u ordenanzas ao resultado da adaptación ou reaxuste realizado.*

[...]"

A proposta consiste en reaxustar as aliñacións á realidade existente nunha zona que está clasificada nas Normas Subsidiarias Municipais vixentes como Solo Urbano en réxime de ordenanza Residencial Cerrada, definida no apartado 4.2 da Normativa Urbanística de ditas Normas Subsidiarias, na súa parte que entronca coa rúa Chantada. E no resto como solo urbanizable non delimitado, fóra da delimitación de solo urbano, segundo as Normas Subsidiarias Municipais, aprobadas definitivamente o día 01.10.1985 e publicadas no BOP de Lugo o día 05.09.1986, e que constitúen o planeamento en vigor para o Concello de Monforte de Lemos.

Con arranxo á disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento), no seu apartado 2.b), ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesa lei para o solo rústico.

Con esta operación adáptase o viario establecido nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes á realidade do xa edificado en solo urbano existente na actualidade.

O estudo de detalle presentado, en cumprimento do artigo 193 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, achegado en soporte dixital, contén, entre outros, os seguintes documentos:

- Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións das Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes, as que complementan, así como do cumprimento das exixencias legais e



Concello de Monforte de Lemos

reglamentarias que lles son de aplicación.

- *Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o planeamento vixente.*
- *Planos de ordenación a escala adecuada que expresan as determinacións que se reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior.*

A proposta realizada polo estudo de detalle cumpre as condicións establecidas para esta figura de planeamento polo artigo 79 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e que fai referencia a que os estudos de detalle en ningún caso poderán:

- *Alterar o destino urbanístico do solo.*
- *Incrementar o aproveitamento urbanístico.*
- *Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas.*
- *Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen.*
- *Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*
- *Parcelar o solo.*
- *Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*
- *Establecer novos usos e ordenanzas.*

Tendo en conta o anterior, entendo que non existe inconveniente en aprobar inicialmente o estudio de detalle e continuar a tramitación legalmente establecida. “

Vista a proposta de resolución PR/2025/2729 de 16 de maio de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con nove votos a favor dos concelleiros/as do grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

PRIMEIRO.- Aprobado definitivamente o estudio de detalle Estudio de Detalle en vía transversal a rúa Chantada (rúa Roberto Martínez Andrade).

SEGUNDO.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia con referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do estudo a disposición do público.



Concello de Monforte de Lemos

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos/ás propietarios/as e demais interesados/as directamente afectados/as polo Estudo de Detalle.

CUARTO.- Remitir á Consellería competente en materia de urbanismo para a súa inscrición no rexistro, un exemplar en soporte dixital debidamente dilixenciado.

QUINTO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e, en xeral para todo o relacionado con este asunto.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/>

J6Bi7riQ8S1XhUQ9hhdTlxpHfiCI1COFPDkb7RI18grOcGsg

Expediente 2104/2025. Actuacións Urbanísticas. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE “URBANIZACIÓN DE DOTACIÓN DE SERVIZOS DA ZONA D, E CONEXIÓN CON REDES DE SISTEMA XERAL DA RÚA CARDENAL RODRIGO DE CASTRO”.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

1º.-Con data 3 de marzo do 2025 aprobouse inicialmente o proxecto de “URBANIZACIÓN, DOTACIÓN DE SERVIZOS DA ZONA D E CONEXIÓN CON REDES DE SISTEMA XERAL DA RÚA CARDENAL RODRIGO DE CASTRO”.

2º.- Sometido a información pública por un período dun mes, non se presentaron reclamacións ao mesmo.

3º.- Solicitados os informes sectoriais pertinentes, Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Confederación Hidrográfica do Miño-Sil , os mesmos recibíronse con datas 11.03.2025 e 29.04.2025.

O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, con data 28 de febreiro do 2025 emite informe do tenor literal seguinte:

“Primeiro.- Os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos no plan.

Constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como vialidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinería e outras análogas.

Devanditos proxectos deberán detallar e programar as obras coa precisión necesaria para



Concello de Monforte de Lemos

que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto do autor do proxecto. En calquera caso deberán estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

As empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración en orde a garantir a redacción do proxecto e a súa execución.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do plan que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras, respectando, en todo caso, as condicións de accesibilidade. Así mesmo, en ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do chan ou da edificación, senón que deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no plan.

Segundo.- Lexislación aplicable:

- Artigos 93 a 96 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Chan de Galicia.*
- Artigos 218 a 233 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Chan de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.*
- Artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

Terceiro.- De conformidade co disposto no artigo 96.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, a recepción polo Concello de obras de urbanización realizadas en execución do plan rexerase polo disposto na lexislación de contratos do sector público cando a súa execución corresponda á Administración local.

Cuarto.- Durante todo o proceso de elaboración do Proxecto de Urbanización, haberá de cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.

Quinto.- Procedemento a seguir:

A. Posta de manifesto a necesidade de aprobar o Proxecto de Urbanización polo órgano competente, deberase proceder á súa elaboración, que conterá a documentación precisa para definir e xustificar as súas determinacións.

B. O Alcalde procederá á aprobación inicial do proxecto de urbanización [artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local], contando co informe favorable dos Servizos Técnicos municipais sobre o proxecto.

C. Na resolución de aprobación inicial acordarase a apertura do trámite de información pública, por prazo mínimo dun mes, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e nun



Concello de Monforte de Lemos

dos xornais de maior difusión na provincia e notificación individual aos propietarios afectados. Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello. Durante o período de información pública, quedará o expediente ao dispor de calquera que queira examinalo, para os efectos de que se presenten as alegacións e suxestións que se consideren pertinentes. Pola súa banda, o concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais preceptivas.

D. Concluído o período de información pública e presentadas as alegacións e informadas as suxestións, o Alcalde aprobará definitivamente o proxecto de urbanización, coas modificacións que resulten pertinentes, de conformidade co artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. A aprobación definitiva deberá recaer no prazo máximo de tres meses desde a conclusión do trámite de información pública. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, o proxecto de urbanización entenderase aprobado por silencio, sempre que se obtivesen as autorizacións e informes sectoriais preceptivos ou se acredite, no seu caso, que transcorreu o prazo legal para a súa expedición.

E. O Acordo de aprobación definitiva notificarase aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.”

Con data 28.02.2025 a Arquitecta municipal emitiu informe do seguinte tenor literal:

“En realidade o estudo de detalle pretende, en desenvolvemento das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes, reaxustar as aliñacións (artigo 79.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu artigo 192.1.a.2) di:

“1. En desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

a) Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes (artigo 79.1.a) da LSG).

Os estudos de detalle cuxa finalidade sexa reaxustar ou completar as aliñacións e rasantes poderán comprender os seguintes contidos:

a.1) Establecemento das aliñacións e rasantes, cando non estean fixadas no plan ao cal completen, respecto dos viarios que naquel se prevexan.

A posibilidade de establecer aliñacións e rasantes a través de estudos de detalle limitarase ás vías da rede de comunicacións definidas no plan que aquel complementa

a.2) A adaptación ou reaxuste á realidade do terreo ou do viario, das aliñacións e rasantes xa fixadas polo plan. Esta determinación de ningún xeito poderá supor unha



Concello de Monforte de Lemos

alteración do dito plan, nin permitir a redución da anchura do espazo destinado a viarios ou das superficies destinadas a espazos libres, nin orixinar aumento de volume ao aplicar as normas u ordenanzas ao resultado da adaptación ou reaxuste realizado.

[...]"

A proposta consiste en reaxustar as aliñacións á realidade existente nunha zona que está clasificada nas Normas Subsidiarias Municipais vixentes como Solo Urbano en réxime de ordenanza Residencial Cerrada, definida no apartado 4.2 da Normativa Urbanística de ditas Normas Subsidiarias, na súa parte que entronca coa rúa Chantada. E no resto como solo urbanizable non delimitado, fóra da delimitación de solo urbano, segundo as Normas Subsidiarias Municipais, aprobadas definitivamente o día 01.10.1985 e publicadas no BOP de Lugo o día 05.09.1986, e que constitúen o planeamento en vigor para o Concello de Monforte de Lemos.

Con arranxo á disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento), no seu apartado 2.b), ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesa lei para o solo rústico.

Con esta operación adáptase o viario establecido nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes á realidade do xa edificado en solo urbano existente na actualidade.

O estudo de detalle presentado, en cumprimento do artigo 193 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, achegado en soporte dixital, contén, entre outros, os seguintes documentos:

- Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións das Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes, as que complementan, así como do cumprimento das exixencias legais e regulamentarias que lles son de aplicación.*
- Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o planeamento vixente.*
- Planos de ordenación a escala adecuada que expresan as determinacións que se reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior.*

A proposta realizada polo estudo de detalle cumpre as condicións establecidas para esta figura de planeamento polo artigo 79 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e que fai referencia a que os estudos de detalle en ningún caso poderán:

- Alterar o destino urbanístico do solo.*



Concello de Monforte de Lemos

- *Incrementar o aproveitamento urbanístico.*
- *Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas.*
- *Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen.*
- *Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*
- *Parcelar o solo.*
- *Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*
- *Establecer novos usos e ordenanzas.*

Tendo en conta o anterior, entendo que non existe inconveniente en aprobar inicialmente o estudio de detalle e continuar a tramitación legalmente establecida. “

Vista a proposta de resolución PR/2025/2741 de 16 de maio de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con nove votos a favor dos concelleiros/as do grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de “URBANIZACIÓN, DOTACIÓN DE SERVICIOS DA ZONA D E CONEXIÓN CON REDES DE SISTEMA XERAL DA RÚA CARDENAL RODRIGO DE CASTRO”.

SEGUNDO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión na provincia

TERCEIRO.- Notificar aos interesados no expediente.

Intervencións:

[https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/](https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/HqmVpt9KoZeUNEY7FpOYItZxP5WmFMReyPiMBYygtZgJwwwgK)

[HqmVpt9KoZeUNEY7FpOYItZxP5WmFMReyPiMBYygtZgJwwwgK](https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/HqmVpt9KoZeUNEY7FpOYItZxP5WmFMReyPiMBYygtZgJwwwgK)

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR O CONCELLO A CUMPLIR A LEI DO SOLO DE GALICIA E MELLORAR A SITUACION DOS INMOBLES EN ESTADO DE RUINA	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:



Concello de Monforte de Lemos

Sometido o asunto a votación rexeitase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

1. Que o concello cumpra a lexislación vixente mencionado e leve a cabo todos os mecanismos legalmente establecidos necesarios para solucionar o actual problema de edificios de estado ruinoso na cidade.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/3LHae8YujTr1brsCSmctE8twGXd99wrlMPfF8pl89Ab8vSNc>

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA INSTAR Á INSTALACIÓN DUN PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NA COMPAÑÍA	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexeitase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, tres votos a favor dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mizto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

Transcríbese a proposta da moción:

1. Abrir un punto de información turística municipal nas inmediacións do aparcadoiro da Compañía en temporada alta.
2. Emprazar ao Concello da Xunta de Galiza a que se reactiven as “Subvencións a concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos de Galicia para a contratación de personal nas oficinas de turismo”.
3. Solicitar desde o Concello a citada liña de axudas para persoal.
4. Poñer en funcionamento o traballo en liña para os puntos de información turística coas oficinas da Xunta.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/BszKzDDwroQgBsWKnUPUVFOMY5wufBZvwImu3xL8rzRIJthN>



Concello de Monforte de Lemos

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A ELIMINACIÓN DE BEIRARRÚAS E CONVERSIÓN EN RÚA DE PLATAFORMA ÚNICA A RÚA DOUTOR CASARES NO SEU TRAMO DE ACCESO AO CENTRO DE SAÚDE

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do BNG, dos concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

1. Iniciar os trámites técnicos e administrativos necesarios para a conversión en rúa de plataforma única exclusivamente o tramo de vía que da acceso directo ao centro de saúde do municipio.
2. Adoptar todas as medidas temporais de mellora de accesibilidade mentres se executan as obras.

Con esta actuación concreta e coutada, darase un paso firme cara a unha contorna urbana máis amable, inclusivo e funcional, facilitando o acceso a un servizo esencial como é o sanitario.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedelemos.deputacionlugo.org:443/s/5nos4ZkxukXxVMQZnj8reomMWGcHJDIDV6IMxolgmgszA2Vf>

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE SOBRE PEONALIZACIÓN DA PONTE MEDIEVAL

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, tres votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

Transcríbese a proposta da moción:

- 1.-A reorganización do tráfico rodado entre as zonas de San Antonio , Ramberde e a súa contorna e que se paralice de forma inmediata o tráfico rodado pola Ponte Medieval, pasando a ser peonil.



Concello de Monforte de Lemos

2.-Que se fagan as xestións necesarias coas administracións implicadas, para acometer o acordo xa aprobado neste pleno da estrada da circunvalación ata a N-120 aproveitando a ponte que enlazaría por debaixo das actuais instalacións da Escola Taller coa estrada de Sober que serviría como o enlace da parte sur da cidade.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/BaqqPwGPBJaVLazSp49vjnvZhX35z2YRtuYSy72Go3WHkd8>

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (ART. 42.1 DO ROF). Datas das resolucións das que se da conta ao Pleno do 23.04.2025 e 20.05.2025.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 23.04.2025 ao 20.05.2025.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/0qQfR7vLiPKoChtPYV6RUUZJcIt8vh0G9nOUIjtGRV5c78a6>

DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA QUE LEVANTAN REPARO DE INTERVENCIÓN(23.04.2025 e 12.05.2025)

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/1ssJ6RkSXZbCT2u7NnwjVWirSPg8xdpVauaXODKXhIbkZrkr>

DACIÓN DE CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE PRIMER TRIMESTRE 2025

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 3º trimestre de 2024, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 11,12 a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias.

Intervencións:



Concello de Monforte de Lemos

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/s6OH0yuYbHOOJenr1VXsgmjt8tsuJgjGO5OHRyiv245qUqv>

DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN TRIMESTRAL PRIMER TRIMESTRE 2025

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 1º trimestre de 2025, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/FZNI0nlQ4p2tclbs5kQlb15mjpPFFKkGpSCQkQbMF5ytqHLtt>

C) ROGOS E PREGUNTAS

2 rogos do Partido Popular e 2 dúas preguntas do Partido Popular

Rogo 1

Rogamos proceda como se realiza na Deputación de Lugo, administración que preside, e habilite os mecanismos precisos para acceder ás actas da Xunta de Goberno en tempo e forma.

Rogo 2

Rogamos proceda a levar a cabo execucións de obras que palíen as constantes roturas nas tubaxes da rede, polo menos naquelas zonas máis afectadas, antes do fin do presente mandato.

Pregunta 1

No derradeiro pleno preguntábamnos se tiña prevista pedir colaboración á CHMS para asinar o mesmo convenio para o arranxo da estrada da marxe esquerda do canal que asinou para a estrada da marxe dereita e a súa contestación deixounos confundidos, pois dixo que son os regantes que teñen que pagar os arranxos. Referíase a que ese arranxo da estrada do marxe dereito do canal téñeno que pagar os veciños ou so se refería a do marxe esquerdo provocando así unha discriminación entre veciños?

Pregunta 2

Na acta da Xunta de Goberno do 14 de abril se desglosan os gastos previstos para a vindeira feira do viño e sorprendeunos o seguinte concepto e importe: - 100.000€ Funcionamento e instalación de stands. O Concello conta con stands para a realización do festival e para a posta en funcionamento dos mesmos, así como reparacións, montaxe e posta en funcionamento, contratarase a unha empresa para o seu transporte e montaxe,



Concello de Monforte de Lemos

todo o attrezzo e a decoración, o deseño destes, etc. (gasto corrente). Existe unha factura do mesmo importe e concepto do ano pasado, pero nos parece un gasto excesivo cando os stands xa os temos e nos preocupa que non se licitou esta acción por esa cantidade. Por iso lle preguntamos: vai licitar esa acción necesaria para o festival do viño por ese importe tal e como corresponde segundo a lexislación administrativa vixente?

2 rogos e 2 preguntas de Esperta Monforte-Grupo Mixto

Rogo 1

Pregamos o señor alcalde teña a ben volver a avisar persoalmente o propietario da casa da esquina da rúa do conde do perigoso deterioro do tellado da casa.

Rogo 2

Pregamoslle teñan a ben insistirle as empresas propietarias dos paos do teléfono que temos no medio das rúas que os retiren e darlles un ultimátum como fixeron a semana pasada con Aqualia.

Pregunta 1

Cantos kilómetros totais fai o noso bus urbano semanalmente?

Pregunta 2

Puxose o concello en contacto cas empresas propietarias dos paos telefónicos que temos no medio das rúas para a súa retirada?

Intervencións:

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

